

OCIO & CULTURA

Os María Casares denuncian o desmantelamento do teatro galego

Os actores cualificaron o 2013 como «catastrófico» para o sector

camilo franco | A Coruña / La Voz | 28/3/2013

A gala dos premios María Casares comezou sen tregua. O presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia abriu o acto enumerando todos os problemas que desde hai ano e medio fan do sector escénico galego un sistema ao borde dos precipicios orzamentarios. Toño Casais sinalou que o ano 2012 foi «moi duro, con menos funcións e moitos atrasos, que fixeron moi complicada a supervivencia. Pero se o 2012 foi malo, o 2013 é catastrófico». Para o presidente do colectivo durante o que vai de ano «recortáronse os presupostos, estanse pagando gastos do ano anterior, tardouse catro meses en nomear a un director da Agadic e unha vez nomeado non se ve un cambio de mentalidade con respecto ao que o sector precisa». Casais sinalou que o gremio do teatro está a ser desmantelado desde o 2010.

O novo director da Agadic, Jacobo Sutil, acudiu por primeira vez á gala dos María Casares para escoitar como o seu nome era o centro da primeira das pezas da entrega de premios, protagonizada por uns superheroes porque cando «falla a realidade hai que recorrer á ficción». Ratman e Bobin, os dous anfitrións da gala, preguntaron polos problemas do sector para poñerlle un amaño.

Os problemas quedaran explicados na intervención do presidente dos actores, «non hai máis orzamentos que recortar», sinalou Toño Casais, quen recordou que era un paradoxo que xusto no «ano que se lle adican as Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño, que loitou xunto con moitos dos presentes para conseguir un sistema teatral galego, o sector estea atravesando un dos seus peores momentos».

Na mesma liña foi o manifesto do teatro, que este ano correspondeu a Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen explicou que a biografía cultural de Galicia estaba escrita no teatro galego. Sinalou que era un teatro que creaba «vasos comunicantes» con outras disciplinas.

Foi a directora da compañía ourensá Sarabela a que explicou, ao recoller un dos premios, que «contra a desesperanza, resistencia» e asegurou que non habían poder co sector porque aman o seu oficio. Tamén Santiago Cortegoso, gañador como mellor autor, apuntou que as condicións non eran as mellores para facer teatro, pero que era necesario «máis teatro e máis teatro en galego».

Pilar Pereira recolleu o premio de honra Marisa Soto, facendo un percorrido pola súa vida e lembrando as dificultades dos inicios, desde o traballo como locutora, os inicios no teatro universitario, as gravacións de poemas de Rosalía de Castro, a súa viaxe a Madrid para converterse en actriz profesional e o seu desembarco no grupo Los Goliardos.